

ALBERGUE A VILAVELLA

INFORMACIÓN XERAL:

DATOS XERAIS: O albergue da estación de ferrocarril de A Vilavella permítenos vivir durante 8 días unha serie de actividades de multiaventura de xeito intenso. O albergue conta con 40 prazas en habitacións múltiples con baño, ademais dun comedor e unha sala de actividades. Diante da instalación hai unha gran explanada para actividades ao aire libre, estando todo o recinto rodeado dun muro de seguridade. No seu interior tamén existe un pequeno museo do ferrocarril xa que nos atopamos nun albergue nunha edificación que é unha estación de tren restaurada.

ACCESIBILIDADE: Ten accesibilidade para persoas con mobilidade reducida.

ACCESOS: OURENSE: Autovía A-52 ata a saída 117, a partir de aí 1,6 km ata o desvío da Estación.

ENDEREZO: Albergue de A Vilavella. Estación de A Vilavella, sn. 32314. A Mezquita (Ourense)

QUENDAS, IDADES E ACTIVIDADES:

QUENDA	IDADES	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES
01 a 08 de agosto	9 – 11 (Anos de nacemento 07-08-09)	O obxectivo xeral deste campamento é crear unha actividade de multiaventura durante os días que abrangue o campamento. E para elo trátanse os seguintes obxectivos específicos: Fomentar o coñecemento interpersoal entre os participantes. Coñecer o Parque Natural do Lago de Sanabria fóra da nosa Comunidade. Vivir experiencias de aventura. Animación á práctica do deporte como xeito de vida saudable a través de actividades como rutas de sendeirismo, btt, tirolina, rocódromo ou orientación, entre outras.

NORMAS XERAIS:

- Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias deste campamento.
- Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
- Cóntase con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ao Campamento, as **tarxetas sanitarias orixinais**, especialmente as de MUFACE e o talonario de receitas. Calquera incidencia de consideración será comunicada ao teléfono familiar do acampado/a.
- Para poder falar cos participantes, o horario será o establecido polo equipo directivo, do que se dará información na reunión de recepción. Os participantes poderán facelo antes e despois de cada comida. Disporase dun teléfono de tarxeta e moedas.
- Ningún participante** poderá abandona-lo recinto do Campamento sen autorización expresa do Director da Actividade, e sempre acompañado dos seus pais, ou persoa adulta autorizada (**fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita e fotocopia do DNI da persoa autorizada de ser o caso**), debendo cubri-lo impreso axeitado que lles será facilitado polos monitores. Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.

6. Os medicamentos que estean a tomar os participantes, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días, débese comunicar ao persoal técnico da actividade.
7. Recoméndase que os rapaces/as, leven a súa roupa marcada coas súas iniciais.
8. Os directores da actividade teñen prevista a organización dun “banco” de cartos e outro de móbiles.

Asemade, e tal e como xa se indicaba na Orde de convocatoria:

- A incorporación realizarase o día de inicio da quenda entre as **15:00 e as 17:00** horas no Campamento.
- O día de remate da quenda a saída dos participantes realizarase entre as **10:00 e as 12:00** horas na mesma instalación.

Dadas as circunstancias das actividades a realizar aconséllase levar:

- Útiles de aseo persoal e crema protectora solar.
- Toalla de aseo e toalla de piscina.
- Gorro de piscina.
- Bañadores e sandalias de goma con velcro.
- Sombreiro ou viseira.
- Roupa interior.
- Pixamas.
- Camisetas e pantalóns de deporte.
- Pantalóns curtos ou bermudas.
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva.
- Chuvasqueiro.
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, cazadora ou forro polar, sudadeiras, pantalóns longos, etc.
- Bolsa para roupa sucia.
- Cantimplora.
- Mochila pequena para saídas.
- **Saco de durmir.**
- Medicamentos en caso de tratamento específico (deberán ser entregados á persoa responsable).
- Tarxeta sanitaria orixinal.

O horario tipo básico da quenda será o seguinte:

08,30.- Erguerse, aseo persoal e amaño de dormitorios
09,00.- Almorzo
10,00.- Actividades
14,00.- Xantar
15,00.- Aseo e tempo libre xestionado
16,00.- Actividades (con interrupción para merendar)
20,10.- Ducha e tempo libre xestionado
21,00.- Cea
21,30.- Tempo libre xestionado
22,10.- Velada
23,10.- Deitarse

O horario para recibir chamadas dos pais e nais é de 15,00 a 16,00 h. Neste tempo, os/as rapaces/zas dispoñen dos seus móbiles se os traen ou ben poderase chamar ao teléfono que será indicado polo/a director/a o primeiro día do campamento.

Esperamos que sexa do voso agrado o noso programa de actividades.